

As pensións de xubilación dos funcionarios públicos acollidos ao RCP calcúlanse aplicando unhas porcentaxes, que están en función do número de anos de servizos prestados, a unhas cantidades, chamadas Haberes Reguladores (HR), que fixan anualmente os Presupostos Xerais do Estado e que están en función do grupo no que está encadrado o corpo ao que pertence o funcionario.

A Lei 11/2020 de Presupostos Xerais do Estado, estableceu os seguintes Haberes Reguladores (HR) para o ano 2021:

GRUPO FUNCIONARIAL	HR ANUAL	HR MES
GRUPO A1	42.563,68	3.040,26
GRUPO A2	33.498,68	2.392,76
GRUPO B	29.333,53	2.095,25
GRUPO C1	25.727,56	1.837,68
GRUPO C2	20.354,76	1.453,91
GRUPO E e Agrupacións Profesionais, AP,	17.354,06	1.239,58

Estes haberes reguladores de 2021 son os de 2020 cunha suba do **0,9%**.

A estes HR aplícanse as seguintes porcentaxes:

ANOS DE SERVICIO	PORCEN TAXE	ANOS DE SERVICIO	PORCEN TAXE	ANOS DE SERVICIO	PORCEN TAXE	ANOS DE SERVICIO	PORCEN TAXE
01	1,24	10	15,67	19	41,54	28	74,42
02	2,55	11	17,71	20	45,19	29	78,08
03	3,88	12	19,86	21	48,84	30	81,73
04	5,31	13	22,10	22	52,50	31	85,38
05	6,83	14	24,45	23	56,15	32	89,04
06	8,43	15	26,92	24	59,81	33	92,69
07	10,11	16	30,57	25	63,46	34	96,35
08	11,88	17	34,23	26	67,11	35 e máis	100,00
09	13,73	18	37,88	27	70,77		

As pensións abóanse mediante **14 pagas iguais (mensuais máis dúas extras)** ao ano. Independentemente dos cálculos que poidan resultar, as pensións públicas ordinarias non poderán superar os **2.707,46 € (37.904,44 anuais)**. As pensións derivadas de actos terroristas poden superar ese tope ao igual que aquelas que se producen despois dos 65 anos ou ás que se lles aplica o complemento por maternidade.